

HERMIA & HELENA

[Matías Piñeiro, 2016]

PASE ÚNICO EN NUMAX: 12.03.2018 | V.O.S.E.

Hermia & Helena (2016, 87')

Dirección: Matías Piñeiro

Guión: Matías Piñeiro

Elenco: Agustina Muñoz, María Villar, Matí Diop, Julian Larquier, Keith Poulson, Dan Sallitt, Laura Paredes, Dustin Defa, Gabi Saidón, Romina Paula, Pablo Sigal, Kyle Molzan, Ryan Miyake

Son: Mercedes Tennina

Montaxe: Sebastián Schjaer

Fotografía: Fernando Lockett

Produtoras: Trapecio Cine (Arxentina)

Formato de proxección: DCP2K, 1.78:1

Idioma orixinal: Inglés, español

FILMOGRAFÍA

La princesa de Francia, 2014

Viola, 2012

Rosalinda, 2010

Todos mienten, 2009

El hombre robado, 2007

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2016 (Competición internacional),

Mar del Plata 2016 (Competición

internacional), La Habana 2016

(Competición internacional)

355

SINOPSE

Camila, unha moza directora de teatro, viaxa de Buenos Aires a Nova York grazas a unha bolsa artística que lle permite traballar no seu novo proxecto: a tradución ao español de *Soño dunha noite de verán*, de William Shakespeare. Pero ao pouco da súa chegada, Camila xa se dá de conta de que o traballo quizais non é abondo para compensar o feito de ter deixado atrás aos seus amigos e ao seu mozo.

«No proceso de xogar coa voz de Shakespeare, Piñeiro encontrou unha propia»

Erik Cohn, INDIEWIRE

OS OLLOS VERDES

CINEMA
INÉDITO
DE NUMAX

HERMIA & HELENA

[Matías Piñeiro, 2016]



HERMIA & HELENA

[Matías Piñeiro, 2016]



SOBRE O DIRECTOR

MATÍAS PIÑEIRO (Buenos Aires, 1982) estudou na Universidade do Cine de Buenos Aires onde deu aulas de cinematografía e historia do cinema. En 2011 múdase a Estados Unidos para desenvolver a bolsa Radcliffe da Universidade de Harvard e máis tarde obtén outra bolsa na Universidade de Nova York, cidade na que gravou os seus últimos filmes. Trátase dun dos autores máis talentosos e prolíficos do Novo Cinema Arxentino, destacando pola súa querencia cara á obra de William Shakespeare, cuxos textos e espírito inspira o proceso creativo de Piñeiro. Entre a súa filmografía destacan *Rosalinda*, *Viola* e *La princesa de Francia*, esta última proxectada no Festival de Locarno e no Horizontes Latinos do Festival de Donostia.

NA LIBRARÍA NUMAX

Sueño de una noche de verano, William Shakespeare. Cátedra, 2012

“Este é o filme máis accesíbel da miña carreira, até hai momentos de emoción”

Entrevista con Matías Piñeiro

Por Diego Batlle

Por que te mudaches a Nova York e como é a túa vida alí? Funme en 2011 porque a miña parella, Germán, que é arxentino, foi facer un doutorado en Letras. Busquei unha escusa para estar alí un tempo e solicitei varias bolsas que me saíron e fun facendo de xeito escalonado. Sabendo que quizais non ía poder filmar a cidade durante un tempo rodei *Viola* (2012) dúas semanas antes de irme e editeino en Arxentina. Logo fixen *La princesa de Francia* (2014), que foi a primeira que realicei de *visita* en Buenos Aires, estando xa radicado en Nova York, e tras case cinco anos sentín que podía facer algo alí. Así xurdiu *Hermia & Helena*.

Como se vence a tentación de non mostrar a cara máis glamourosa e pintoresca de Manhattan? Foi unha loita permanente. Tiña claro que non quería mostrar a cidade turística, pero dalgún xeito sigo tendo a cabeza dun

estranxeiro. Elixín un só parque e unha zona onde termina Chinatown e empeza City Hall cos seus edificios altos. Co primeiro director de fotografía, un texano chamado Tommy Davis, subimos á terraza, eu mirei cara á parte máis de postal e el, cara ao outro lado. Tiña razón. Alí estaba a película. Ademais, aínda que non queiras, os taxis, a neve, o metro... Nova York está sempre na pantalla.

O filme transcorre entre dúas cidades, está falada en dous idiomas e, por iso, ten a súa lóxica o eixo da historia sexa a tradución. Eu estaba vivindo en Nova York, Agustina estaba radicada desde había tres anos en Amsterdam. Xa fixera películas sobre o teatro (*Rosalinda* -2010- e *Viola*) e sobre a radio (*A princesa de Francia*). A tradución, e o ir e vir entre Nova York e Buenos Aires, parecía a opción máis lóxica. Outro elemento que me gustaba moito era a presenza do texto escrito en pantalla. É que vexo moito cine clásico, aínda que de diferentes xeitos úsanos desde Jean-Luc Godard até aqueles que inclúen un chat telefónico ou intertítulos. Probei moitas cousas e a maioría non funcionaban no Final Cut porque era demasiado dixital e eu quería que se vise máis artesanal, pero ao final quedou algo que escribín coa miña propia letra.

A historia ten algo de anacrónica e contraditoria, xa que por un lado aparecen as charlas por Skype e,

por outro, un elemento xa case en desuso como as tarxetas postais... Si, as conversas están en todas as películas, até nos seus arranques. Síntome máis cómodo filmando cousas materiais, que co dixital. Hai xente que sabe filmar unha charla por Skype, como Avi Mograbi ou Chantal Akerman no seu último traballo, *No Home Movie* (2015), pero a min a computadora parécese un artefacto que non quero que se volva o centro da escena. Por iso, filmei as charlas de Skype coma se fosen diálogos normais e sobre o final vese que está a computadora. Moléstame moito cando a posta en escena é prisioneira dun moble ou dun elemento. Non importa a mesa ou a computadora: importa a conversa.

Un recurso novedoso son as longas transicións con fundidos encadeados entre as escenas que transcorren en Nova York e as porteñas. Si, sempre probei cousas novas. Os fundidos xa non se usan moito, son algo máis do cinema mudo ou, pola contra, do experimental, pero eu quixen facer énfase nas transicións entre os ferros da ponte de Brooklyn e as árbores da rúa Pedro Goyena mantendo os fundidos durante moito tempo. Gustábame ese exceso. Do mesmo xeito que os longos travellings por Nova York.

E tamén hai menos apego ao texto e aos conflitos shakespearianos que nos filmes previos... É que non

son adaptacións estritas, os textos de Shakespeare e os seus personaxes femininos sérvenme sobre todo para a escrita do guión. E a radio, os ensaios, o teatro, a tradución son escusas. Esta parécese que é a película máis calma e accesíbel da miña carreira, onde até hai momentos de emoción, aínda que sempre desde o desvío (rise).

Publicado en www.otroscines.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

OS OLLOS VERDES

● CINEMA INÉDITO DE NUMAX



«Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX» presenta cada mes e en exclusiva filmes que, nin foron estreados, nin teñen prevista a súa proxección en salas comerciais en España, malia posuíren un destacado percorrido por festivais internacionais e indiscutíbeis logros artísticos.

Ademais, **se estudas na USC, podes obter 1 crédito ECTS** pola asistencia ás sesións! As persoas inscritas na actividade terán que asistir a 12 ou máis proxeccións durante o curso académico entre os meses de outubro e xuño (incluídos) e elaborar algún contido específico, cunha extensión mínima de 5.000 caracteres, que teña relación con calquera aspecto do programa. Máis info en www.numax.org ou en comunicacion@numax.org.


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org